

**Instrución da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia para aclarar a aplicación das contías dos custos indirectos para diferentes subvencións**

O obxectivo desta instrución é aclarar o cálculo dos custos indirectos das diferentes subvencións e axudas concedidas á Universidade da Coruña.

Primeiro. Caso xeral

A norma xeral que regula a aplicación dos custos indirectos é que se respectará a porcentaxe que indique a entidade financiadora na convocatoria.

Segundo. Casos específicos

Caso 1. Proxectos estatais, axudas da Xunta de Galicia para consolidación de grupos de referencia competitiva e potencial crecemento.

Custos indirectos que se aplicarán: **25 %** (Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades), **21 %** (Xunta de Galicia), segundo se indique na correspondente convocatoria, aplicando a fórmula como se amosa no exemplo.

Exemplo: se calculamos os custos indirectos do 21 % partindo do total concedido, a fórmula sería dividir o total concedido entre 1,21 (non multiplicalo por 21 %)

Total concedido: 48 400 € $\rightarrow 48\,400 / 1,21 = 40\,000$ €

$\rightarrow$ Custos directos: 40 000 €

Custos indirectos: 8 400 € (21 % de 40 000 €)

Caso 2. Axudas económicas individuais, mediadas por convenios con fundacións, tras un proceso de concorrencia competitiva en que a convocatoria non recolle custos indirectos para a institución.

Custos indirectos que se aplicarán: **0 %**

Caso 3. Axudas económicas individuais ou a equipos de investigación, mediadas por convenios con fundacións, tras un proceso de concorrencia competitiva en que a convocatoria si recolle custos indirectos para a institución, pero non se fixa unha determinada porcentaxe.

Custos indirectos que se aplicarán: **15 %**. O cálculo neste caso faise de forma directa, é dicir, calculando o 15 % do total concedido, tal como se amosa no exemplo.

Exemplo: a un/ha investigador/a concédennlle unha bolsa para un proxecto por 35 000 €.

Total concedido: 35 000 € $\rightarrow 15\% \text{ de } 35\,000 = 5.250$ €

$\rightarrow$ Custos directos: 29 750 €

Custos indirectos: 5 250 € (15 % de 35 000 €)

Código Seguro De Verificación	HsB1dILjJ+SXryREXk5dQg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	16/01/2025 08:27:16
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/HsB1dILjJ+SXryREXk5dQg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Caso 4. Proxectos Horizon Europe e outros internacionais

Custos indirectos que se aplicarán: os que estableza a convocatoria.

Un proxecto típico do programa Horizon Europe ten uns custos indirectos do **25 %** do total dos custos directos, tanto no sistema *actual cost* como no modelo *lump sum*. No caso de convocatorias de I+D internacionais onde os custos indirectos sexan elixibles, pero a convocatoria non indique a porcentaxe aplicable, establecerase unha taxa de custos indirectos equivalente ao 25 % sobre os gastos directos.

Caso 5. Contratación de servizos científicos, tecnolóxicos, artísticos, humanísticos ou docentes (artigo 60 da Lei orgánica do sistema universitario)

Aplicarase o indicado no artigo 16 do Regulamento para a contratación de servizos científicos, tecnolóxicos, artísticos, humanísticos ou docentes (artigo 60 da Lei orgánica do sistema universitario), aprobado polo Consello Social o 29 de maio de 2024. (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240620/AnuncioG2017-110624-0002_gl.html)

Este artigo indica que os custos de xestión e retorno á UDC non serán inferiores ao **15 %** do orzamento previo á aplicación dos ditos custos (IVE excluído). No caso de contratos que impliquen custos importantes para a institución, a porcentaxe poderase ver incrementada. O cálculo de tal cantidade, na redacción do contrato ou figura xurídica equivalente, pódese facer das dúas maneiras seguintes, tal como se mostra no exemplo. O resultado de ambos os cálculos é practicamente equivalente, polo que se aplicará un método ou o outro de forma indistinta. As entidades de xestión poden optar por usar un ou ambos.

Exemplo:

- a) O 13 % do orzamento total do contrato, que inclúe os custos de xestión. Por exemplo, se o orzamento total é 100 €, 13 € son os custos de xestión e 87 € destínanse ao resto de gastos de execución.
- b) O 15 % da base do orzamento sen considerar os custos de xestión, que se engadirán para xerar o orzamento total. Por exemplo, se os gastos de execución sen considerar os custos de xestión son 87 €, aplicaráselle o 15 % a esta cantidade (13 €) para obter o orzamento total sen IVE (100 €).

No caso das entidades de xestión delegada, estas realizarán a liquidación e o ingreso como mínimo do **8 %** do orzamento total, IVE excluído, que xestionen a favor da UDC. Cando se trate de contratos formalizados por PDI dos recollidos no número 3 do artigo 8 do dito regulamento, se o orzamento de custos excede dun modo desproporcionado o traballo do PDI, minorarase a porcentaxe de custos de xestión e retorno á UDC. A Vicerreitoría de Investigación e Transferencia determinará a mingua correspondente para o sector afectado, por instancia do propio sector e logo da análise da desproporción que a xustifica.

Código Seguro De Verificación	HsB1dILjJ+SXryREXk5dQg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	16/01/2025 08:27:16
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/HsB1dILjJ+SXryREXk5dQg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



*Caso 6. Convenios de I+D e cátedras institucionais*

No caso dos convenios de I+D estableceranse nestes os custos indirectos que se aplicarán, aínda que como norma xeral nos convenios que permitan pagos a persoal propio establécese un **15 %** do orzamento total do convenio. Outros convenios sen fins lucrativos poden ter outros custos indirectos menores, cun mínimo por gasto de xestión que é o 5%.

No caso das cátedras e aulas institucionais aplicarase o Regulamento para a creación e xestión das cátedras e aulas institucionais da Universidade da Coruña, aprobado no Consello de Goberno do 28 de febreiro de 2013 (https://www.udc.es/export/sites/udc/goberno/_galeria_down/vit/catedras/Regulamento_creacion_Catedras.pdf_2063069239.pdf), cuxo artigo 7.6. indica que os gastos xerados para a Universidade da Coruña (dedicación do persoal, uso de espazos e dos servizos, xestións na OTC antiga OTRI, material funxible etc.) polo normal desenvolvemento das actividades da cátedra ou aula serán satisfeitos con cargo ao convenio polo que se formalice a súa creación. Con carácter ordinario, estes custos xerais serán imputados á achega da institución nunha porcentaxe fixa do **15 %**. Excepcionalmente, se así o acordan as partes, estes custos poderán ser imputados tras a avaliación dos gastos presentados e xustificados pola UDC e unha vez que os aprobe a comisión de seguimento da cátedra, sen que o importe total destes gastos poida ser inferior ao 7 % da dotación económica da aula ou cátedra.

Terceiro. Outros casos

No caso de que a natureza da subvención ou achega económica non estea recollida nesta instrución ou nunha das diferentes normativas que lle sexan de aplicación, resolverá a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

Código Seguro De Verificación	HsB1dILjJ+SXryREXk5dQg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	16/01/2025 08:27:16
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/HsB1dILjJ+SXryREXk5dQg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

